

## SOSPEITAS DE CASO COVID

- Alumnado e persoal do centro con síntomas COVID non acudirán ao centro ata que teña unha proba negativa ou pasen mínimo 7 días e sobre todo 3 días despois da desaparición de síntomas.

## POSITIVOS COVID CONFIRMADOS

- Os autotest non requirirán dunha proba complementaria para confirmar o caso.
- Se é positivo, deberán permanecer 7 días en illamento.
- Pasado este tempo, e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento.
- **Non se require proba algunha para reincorporarse ao centro.**
- O centro informará ao persoal e ás familias da aula cando haxa casos confirmados.

## CONTACTOS ESTREITOS

- Persoa que pasa máis de 15 minutos a menos de 2m dun caso positivo, contando dende 48h antes da consideración de inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para proba diagnóstica) **sen uso axeitado da máscara.**
- As **persoas con pauta vacinal completa**, salvo poboación de risco, **non terán que facer corentena.**
- Ante agrupacións de casos (5 ou máis casos confirmados de infección activa nun aula), farán corentena os contactos estreitos.
- Os centros de educación especial considéranse contornos vulnerables e aplícaselles o indicado na Adaptación da Estratexia de detección precoz, vixilancia e control.